


# Atrevéndonos a valorar o valioso

## Unha reflexión sobre as normas ético-políticas dende todas as idades

IES Plurilingüe Fontexería
CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña
CEIP Felipe de Castro

VIII Xornadas
de Bibliotecas
Escolares de Galicia

Santiago, 2 de decembro de 2017

# Contexto

Proxecto de filosofía para nenas e nenos, intercentros e interetapas, que parte do alumnado de Secundaria



IES Plurilingüe Fontexería

ED. SECUNDARIA



CEIP Plurilingüe
Pepe de Xan Baña

ED. PRIMARIA



CEIP Felipe de Castro

ED. INFANTIL



# A filosofía para qué?




- Para satisfacer a curiosidade.
- Para cuestionar as verdades establecidas.
- Para aprender a pensar.
- Para que a nosa razón sexa maior de idade.
- Para rachar as cadeas  da ignorancia.
- Para pasar do ver ao mirar.





En definitiva,

para ser mentes críticas con ansia de saber desinteresado e conseguir

cotas máis elevadas de liberdade individual e social.



# A filosofía dende cando?




- A filosofía defínese como saber racional sobre todo canto hai ou existe.
- As crianzas poden aprender todo e de todo, e poden pensar dende que teñen linguaxe.
- Os nenos deben filosofar simplemente porque poden.
- As crianzas preguntan, senten curiosidade natural, no só polo porqué das cousas, senón polo para que, polo fin.



# Coa filosofía...
# qué ensinar?




- Coa filosofía aprendemos a reflexionar sobre os intereses ocultos: machismo de Disney, escravitude do consumo, da beleza…
- Ocupámonos de grandes preocupacións das crianzas: a morte, a felicidade, a tecnoloxía, o amor…
- É un gran exercicio mental: PENSAR O QUE NON SE VE!!



# Coa filosofía... qué aprender?




- Entender tanto a necesidade das normas, como a importancia da rebelión ante a inxustiza.
- Evitar cidadáns e cidadás dóciles.
- EDUCAR EN VALORES para construir, desde idades temperás, unha cidadanía librepensante e crítica.



# Ademais…
# vantaxes do carácter dialóxico da filosofía



- Carácter motivador, todo o mundo pode opinar ao mesmo nivel.
- Pasamos de reprodutores de contidos a creadores.
- Aprendemos actitudes e valores: escoita, tolerancia, respeto, autocrítica, valoración dos outr@s.






# O PROXECTO



# Antecedentes



- 1º PROXECTO: **O SER E A NADA**. Proxecto de Ed. Infantil coa colaboración do experto en filosofía.
- 2º PROXECTO: **MITOLOXÍA**. Proxecto xa intercentros e interetapa.
- 3º PROXECTO: **ATREVÉNDONOS A VALORAR O VALIOSO**. Proxecto de valores éticos, cos mesmos grupos que o anterior.






**ENLACE A VÍDEO**



# Elementos comúns dos proxectos




- COMUNICACIÓN A TRAVÉS DUN BLOGUE
- PRESENTACIÓN D@S PARTICIPANTES
- RETOS
- SOLUCIÓN AOS RETOS
- EMOCIONARIO



# O PROCESO

SECUNDARIA elabora unha programación

↓

SECUNDARIA crea un blogue

↓

Presentámonos no blogue

→

SECUNDARIA presenta o 1º reto

↓

Investigamos o 1º reto e presentamos unha resposta

↓

SECUNDARIA danos a súa resposta

→

SECUNDARIA presenta o 2º reto

↓

Investigamos o 2º reto e presentamos unha resposta

↓

SECUNDARIA danos a súa resposta

**o intercambio de respostas fai que reflexionemos de novo sobre a nosa**



# Tarefas do proceso




- INVESTIGACIÓN NA BIBLIOTECA E NAS AULAS
- PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN
- GRAVACIÓN DOS VÍDEOS
- OUTROS: **ACTIVIDADES EMOCIONARIO**






**ENLACE A VÍDEO**



Comeza o proxecto e
retomamos felices o contacto



# PRESENTACIÓNS



**[ENLACE A VÍDEO]**



# PRESENTACIÓNS

**ENLACE A VÍDEO**



# PRESENTACIÓNS








**ENLACE A VÍDEO**

## RETO 1

# Que é valioso para nós?
# Que son os valores éticos?



# Valoramos o valioso

Cada nen@ trae un obxecto valioso da casa e explica porque é valioso para el ou ela. Neste camiño dámonos conta de que todos os obxectos que traemos teñen detrás unha historia que na maioría dos casos está vinculada a algún familiar moi cercano ao que queremos moito.

O valioso é algo intanxible, un sentimento importante para nós.








**ENLACE A VÍDEO**



# Investigamos que é a ética e, por extensión, os valores éticos




Investigamos a definición da palabra ética e descubrimos que se trata dunha rama da filosofía que estuda o comportamento humano.

Tamén averiguamos que os valores éticos son guías de comportamento que nos axudan a elexir entre uns comportamentos e outros.






**ENLACE A VÍDEO**



**ENLACE A VÍDEO**



RETO 2

Hai uns valores mellores que outros?

Debate entre o universalismo ético e o relativismo ético

Sócrates. De que morreu? Cando foi o primeiro debate?



# DEBATE. Hai uns valores mellores que outros?



Comezamos por facer un listado de valores "bos" ou "mellores" e outro de "malos" ou “peores”.

Despois reflexionamos sobre porque ubicamos cada valor na columna elexida.




AMOR
AMISTADE
PAZ
LIBERDADE
AXUDAR
RESPETO
TOLERANCIA
GUERRA
MATAR
NON RESPETAR:
RAZA
MULLERES
AMOR ENTRE PERSOAS
O PLANETA
ANIMAIS






**ENLACE A VÍDEO**



# Universalismo e relativismo ético



O "universalismo ético" fala da necesidade de que os valores éticos correctos sexan os mesmos para calquera lugar, época, relixión, etc.

O "relativismo ético" fala de que cada época, lugar ou relixión ten a súa escala de valores propia e que debe ser respetada.

Neste marco debatimos sobre distintos aspectos, a pena de morte, a ablación, a lapidación, o maltrato animal e, en concreto, el toro de la Vega…



# DEBATIMOS

## Reto 2

**ENLACE A VÍDEO**



## 3 comentarios:

**Alicia Nimo** 05:33 do 11 de maio de 2017

Ola,
só como apunte ao debate. Nós estamos dacordo con vós, pero apunta Amalia, que probablemente os do pobo de El toro de la Vega pensarán que nós somos os que temos os malos valores. Polo que... deberíamos respetar a súa opinión? Aquí estamos dividid@s. Algúns opinan que non deberiamos respetala, outros pensan que aínda que nos parece horrible, temos que respetar a súa opinión. Nesta opción tamén saiu que nós tamén matamos animais para comelos... Pero,Iker e Álex apuntan que non é por diversión, que é para comer, senón tamén morreriamos nós. Entón... A mesma acción é boa ou mala dependendo do fin? Outra diferencia a ter en conta sería o sufrimento na morte?

Que difícil! Un abrazo
As nenas e nenos de Santa Comba

Responder

**maiuca** 07:00 do 11 de maio de 2017

Ola,
A maioría opinan que si matamos para comer é bo porque o necesitamos.por tanto pensamos que non sebemos respetar a súa opinión.
Pensamos que temos que convencer aos que viven en la Vega para que non maten os touros preo non sabemos como facelo. Temos que intentar que teñan o mesmo valor do respeto aos animais que tmos nos.

Biquiños e unha aperta!
Nenas e nenos de Noia

Responder

**Pepe Cabido** 15:49 do 5 de xuño de 2017

Imos inventar un nome para todas e todos vos: sodes uns maiéuticos e maiéuticas!!!!
Parabéns!

Responder



# Investigamos sobre Sócrates



Investigamos sobre Sócrates e descubrimos que morreu envenenado con cicuta, castigado polos seus pensamentos. Impactounos moito.

Tamén descubrimos que é defensor do "universalismo ético", e que se enfronta aos sofistas, defensores do "relativismo ético".

Sobre a vida de Sócrates elaboramos unha presentación, e situamos a época na que viviu nunha liña do tempo na que tamén nos situamos nós.






**ENLACE A VÍDEO**



RETO 3

# Relación entre ética e política

CÓDIGOS POLÍTICOS: Declaración dos Dereitos Humanos, Constitución e Estatuto de Autonomía

POR QUE FOI PRECISO CREALOS?





**ENLACE A VÍDEO**



# Ética e política

Comezamos evocando o que sabemos da política polo que escoitamos na nosa casa, na radio, a televisión, etc… Nesa conversa chegan á conclusión de que a ética e a política veñen sendo o mesmo, pero asociadas a primeira a un ámbito máis individual e a segunda a un máis social.

No vídeo de secundaria fálannos de normas e códigos e comezamos a pensar onde podemos atopalas. As primeiras son as da aula, as da biblioteca ou as de outros establecementos públicos que frecuentan. Logo pensamos sobre que a nosa aula forma parte do centro. Os directores falannos do NOF.






# CÓDIGOS: Estatuto de Autonomía, Constitución e Declaración dos Dereitos Humanos




Neste contexto seguimos ampliando o ámbito e buscamos na rede se existen normas para Galicia e atopamos o Estatuto de Autonomía.

Nunha ampliación maior chegamos á Constitución e á Declaración de Dereitos Humanos.

Tres códigos que leeremos na aula.




REGULAMENTO DE
RÉXIME INTERNO



# Por que foi necesario establecer eses códigos?
# Falamos da dictadura



Ante a necesidade de reflexionar porque sería necesario establecer eses códigos de acordo duns dereitos básicos, comezamos a falar de que pasaría antes e chegamos á guerra civil española e á dictadura. As nenas e nenos preguntan nas casas e na aldea e traen distintos testimonios á aula que compartimos e sobre os que reflexionamos.

Ademais situamos distintas datas nunha liña do tempo, para plasmar dun xeito máis asumible as épocas escuras e a barreira que establece a creación destes códigos.



# Preguntamos aos nosos maiores pola dictadura franquista

CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña
2016-2017

**ENLACE A VÍDEO**



# PRODUTO FINAL

LIBRO "Temos dereito"

Visita ao PARLAMENTO DE GALICIA
para a súa entrega



# Dereito á vivenda, dereito ao traballo, dereito ao asilo. Cúmprense?



Dende Muros proponse facer unha análise do cumprimento destes tres dereitos. Comezamos a buscar en internet e atopamos multiples novas sobre deshaucios e refuxiados que calan moi fondo. Gardamos esas novas e plasmámos os nosos sentimentos e pensamentos en distintas frases e debuxos que formarán parte dun libro colaborativo que elaboraremos entre tod@s.



# O LIBRO

Coa colaboración de tod@s elaboramos un libro denuncia que levaremos ao parlamento.






# A NOSA VOZ NO PARLAMENTO DE GALICIA




Chegou unha saída moi ansiada. Reencontro c@s compañeir@s e comparecencia ante representantes dos 4 grupos parlamentarios.



# Temos dereito

A nosa voz no Parlamento de Galicia. 2017

**ENLACE A VÍDEO**



# Avaliación e conclusións



# Puntos fortes



- Promóvese a aprendizaxe por descubrimento, e a posta en práctica de dinámicas que contribuen á alfabetización informacional.
- Aprendizaxe de tipo competencial: aprender a pensar e aprender a aprender.
- O alumnado pasa de ser suxeito pasivo receptor a creador de contidos, vendo inmediatamente a utilidade do aprendido.
- Promóvese a aprendizaxe colaborativa, crítica.
- Xeranse dinámicas cun gran potencial motivador.
- Poténciase a emoción dende o cognoscitivo.



# Para finalizar

*"Se houbera que definir  a democracia podería facerse dicindo que é a sociedade na cal non só é permitido, senón esixido, o ser persoa"*

María Zambrano





# Moitas grazas pola vosa atención

Pepe Cabido
xcabido@edu.xunta.es

Maiuca Cortón
maiucacorton@gmail.com

Alicia Nimo
nimo.alicia@gmail.com

Podes seguir o noso traballo en Instagram

**Por si podemos ser de axuda**